



## **RESOLUCIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2020 DA DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE VACACIÓNS E PERMISOS POR ASUNTOS PARTICULARES CORRESPONDENTES AO ANO 2020**

A efectos de facilitar unha mellor eficacia na prestación dos servizos públicos, con motivo da situación especial acaecida durante este ano 2020, cómpre ditar unha resolución específica para regular un sistema excepcional para o disfrute de ser o caso das vacacións e os permisos por asuntos particulares ao que sinala a *Resolución do 24 de febreiro de 2016, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas*.

En consecuencia, esta dirección xeral, no uso das competencias que lle atribúe o *Decreto 30/2017, do 30 de marzo*, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e oída da Comisión de Persoal na sesión celebrada o día 2 de decembro de 2020.

### **RESOLVE**

#### **Primeiro:**

“Poderá autorizarse o goce das vacacións do ano 2020, ata o 31 de marzo de 2021 naqueles casos específicos de peticións de goce durante 2020 que foron denegadas expresamente cando o motivo da denegación estivera fundamentado nas necesidades da correcta prestación do servizo.”

#### **Segundo:**

“Poderá autorizarse o goce dos días por asuntos particulares ata o 31 de marzo de 2021, cando por razóns de necesidades do servizo non sexa posible gozar destes días antes de finalizar o mes de xaneiro de 2021”.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Función Pública

José M<sup>a</sup> Barreiro Díaz

